



Estimad@ deportista,

en primeiro lugar agardo que te atopes ben de saúde. Estamos vivindo un ano 2020 totalmente condicionado pola epidemia por COVID-19 que está alterando de forma absoluta a nosa realidade en xeral, e afectando da mesma forma ó ámbito do deporte en particular.

A pandemia, e as limitacións de mobilidade e contacto físico derivadas desta, provocou que a maioría das competicións foran suspendidas desde o mes de marzo e polo tanto que gran parte das carreiras integradas no **Circuíto RunRunVigo 2020** non puideran desenvolverse.

A consecuencia desta situación é que, tras a confirmación de que definitivamente non vai ser posible que no que queda de ano se celebren mais probas, nos vexamos na obriga de declarar desertas as clasificacións do circuíto RunRunVigo 2020, desexando que no novo ano a realidade nos permita ir pouco a pouco recuperando unha normalidade que nos posibilite recuperar o control das nosas vidas e renovar as nosas ilusións, permitindo que o circuíto do ano 2021 poida celebrarse.

Non me queda máis que desexarte unhas boas Festas de Nadal que, aínda que como o resto das nosas vidas vai ser diferente, agardo que sexan uns días felices para ti e os teus.

Recibe unha afectuosa aperta,

O Concelleiro de deportes.

A firma manuscrita de Manel Fernández Pérez en tinta azul.

Manel Fernández Pérez